

O FENTO XIGANTE DO RIO DOS GAFOS

A miña nai e outras veciñas do río dos Gafos tiñan que madrugar moito cando

neste tempo de inverno tiñan que ir lavar ao río para poder coller sitio no lavadoiro que houbo debaixo da Ponte Boleira para poder lavar a roupa en caso de chuvia, tiñan daquela o lavadoiro cuberto do Peilan pero era mais lonxe e de pago, preto do lavadoiro houbo un muiño ao carón do río e nós de cativos cada vez que pasaba por riva da ponte un camion puñámonos debaixo pois a rua daquela era de adoquins e resoaba e parecía que viña a ponte riva nosa .

Ao carón do río nese lugar tamen houbo un muiño donde os veciños ían a moenda e tamen era espazo de reunión de xuntanza de veciños da contorna cas muiñadas, nos xogando íamos de un lugar a outro por unha pasarela de pedras sempre vixiados por nosas nais, agora no outono das nosas vidas cando pasamos por ese espazo cando xà non están moitas das veciñas e veciños que viñan ao muiño eo lavadoiro lembrámonos do traballío daquelas xentes nun tempo que nadie tiña lavadora e as mulleriñas tiñan que cargar cubos e tinas de zinca roupa lavada para a casa ,sobor de todo neste tempo de inverno en que non secaba eo peso era maior pois co bo tempo estiraban as sabas a clarear cas raiolas do sol e as veigas semellaban nevaradas eo traballo era mais sinxelo.

Agora nise recuncho donde nun tempo se atopaba o lavadoiro eo muiño no que aínda se poden ver os restos das canles de pedra que devolvía o auga ao río è cando nós decatamos do aldraxe que fixeron o construír un edificio de cinco andares en riva do muiño e do río polo menos tiveran a decencia de non deixar restos para que os veciños que o coñeceron e pasean por ese espazo a cotío non sintan pena e noxo do que fixeron cando roubaronlle ao río un espazo de todos .

Nise recuncho cheo de nostalxias agromou venturoso un fento xigante, un agasallo que nos fai a natureza de cando en vez. Sería bõ en recordo è sinxelo homenaxe dos veciños e veciñas que viñan ao muiño è lavadoiro o por unha placa a carón do fento, pois as veces os mellores monumentos son os que nos ofrece a natureza aínda que nos non llo sepamos agradecer e a cada intre enporquemos o río ,agardamos que o fento teña millor vida e trato que o muiño eo lavadoiro memoria e nostalxia doutro tempo no que os nosos devanceiros tiñan en mais estima ao río da que temos nós.

Apoiado na baranda de madeira do paseo ca compañia do marmurio do río no seu paseniño debalar camiño da oscuridade ao seu paso por Campolongo ca beleza dos narcisos en flor, contanme a última lenda do Gafos que di que o fento medrou vizoso polas bagoas que virten os veciños è veciñas ao lembrar como era o muiño na súa infancia e xuventude cando estaba en todo seu esplendor. Asíña ciclicamente chegara o cuco para alonxar a tristura da inverno traendo a primavera no pico.

Antón Roel